

FAQ PEL EMPRENDE INVESTIMENTO 2019

Axudas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables

1. Quén se pode presentar

Os/as destinatarios/as destas axudas son pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas promotoras de iniciativas empresariais no ámbito provincial da Coruña, que teñan ánimo de lucro e que con anterioridade á data de publicación da convocatoria destas axudas, reúnan os seguintes requisitos:

- Ter domicilio fiscal nalgún municipio da provincia da Coruña.
- Ter actividade económica con ánimo de lucro.
- **Ter unha antigüidade máxima de 5 anos de exercicio continuado na actividade empresarial para a que solicita a axuda.**
- No caso das persoas físicas, estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista dun colexio profesional, **cunha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos anteriores á data de publicación.**
- No caso das persoas xurídicas, a data de constitución da empresa, atendendo á data da primeira inscrición no Rexistro Público correspondente, debe **ter unha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos anteriores á data de publicación.**

Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.

Tampouco poderán ser solicitantes da axuda as asociacións, os autónomos colaboradores, as sociedades civís en calquera das súas formas xurídicas e as corporacións de dereito público (confrarías, etc.)

(Bases: Punto 3. Destinatarios)

2. Se foi autónomo hai máis de 5 anos, e se da de alta nunha nova actividade podería presentarse?

Non. As persoas autónomas deben estar dadas de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista dun colexio profesional, **cunha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos anteriores á data de publicación.**

(Bases: Punto 3. Destinatarios, apartado 3.1.2)

3. Prazo de solicitudes

O prazo abrírase coa publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia posterior á publicación das bases.

(Bases: Punto 7. Forma, prazos e documentación da solicitude, apartado 7.2.)

4. Forma de presentación das solicitudes

Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación provincial da Coruña, <http://www.dacoruna.gal/dicoruna-subtel/>.

(Bases: Punto 7. Forma, prazos e documentación da solicitude, apartado 7.3)

5. Pódense presentar Sociedades Civís?

Non. Non poderán ser solicitantes da axuda as sociedades civís en calquera das súas formas xurídicas.

(Bases: Punto 3. Destinatarios, apartado 3.2. Exclusionés)

6. Pódense presentar Comunidades de Bens?

Non. Non poderán ser solicitantes destas axudas as comunidades de bens.

(Bases: Punto 3. Destinatarios, apartado 3.2. Exclusionés)

7. Obrigas das persoas beneficiarias

Entre outras obrigas referidas á presentación, xestión e xustificación, as persoas e/ou entidades beneficiarias deben cumprir os seguintes compromisos e obrigas:

- Cumprir os requisitos indicados nas bases, así como manter a forma xurídica que figure na súa solicitude, desde a data de publicación da convocatoria da axuda e durante un período mínimo de dous anos, salvo causa de forza maior. En caso contrario, o/a beneficiario/a estará obrigado a reintegrar na Tesourería da Deputación a subvención percibida.
- Estar ao corrente no cumprimento dos seus deberes coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e Deputación da Coruña desde a data de presentación da solicitude de subvención.
- Non estar nin ter estado incurso en expediente de regulación de emprego, regulación ou despedimento improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores a data de publicación da convocatoria no BOP.
- Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o cal foi concedida a subvención por un período mínimo de dous anos desde a adquisición do ben.
- Dar publicidade, nos termos establecidos nas bases, ao carácter público do financiamento do investimento realizado.

(Bases: Punto 11. Compromisos e obrigas)

8. Tipo de gasto, período e importe subvencionable

Os investimentos a realizar teñen que ser elementos novos e que sexan bens inventariables, nunca bens funxibles. Estes bens deberán ser estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade da empresa. Os conceptos de gasto subvencionables nesta son os seguintes:

206	Aplicacións informáticas
213	Maquinaria
214	Utilaxe
216	Mobiliario
217	Equipos para proceso de información

Con carácter xeral, os investimentos deberán ser realizados entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019**.

As entidades poderá presentar un orzamento mínimo de gasto 2.500 euros e un máximo de 25.000 € (excluído o IVE), do cal poderán solicitar, como máximo, o 80% o que supón unha subvención máxima de 20.000 €.

(Bases: Punto 4. Subvención, contías e período subvencionable e Punto 5. Conceptos de gasto subvencionables)

9. Tipos de gasto que se consideran en cada unha das contas subvencionadas

No apartado 5. “Conceptos de gasto subvencionables”, sinálase detalladamente aqueles gastos que se consideran subvencionables por cada un dos conceptos e as súas excepcións.

Para calquera dúbida ao respecto poden consultar o Plan Xeral de Contabilidade vixente, e sempre tendo en conta que terán a consideración de gastos subvencionables a efectos desta convocatoria, aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento do plan para o que foron concedidos.

Con carácter xeral, quedan expresamente excluídas en todos os conceptos contables as instalacións, os mantementos, os portes, as reparacións, obras, reformas, alugueres, rotulacións, instalacións técnicas (climatización, iluminación, etc.)

O IVE non se considerará, en ningún caso, gasto subvencionable.

(Bases: Punto 5. Conceptos de gasto subvencionables)

10. Compatibilidade das axudas

- As subvencións concedidas serán compatibles con calquera outra axuda concedida ao amparo do Plan de Emprego Local.
- As subvencións concedidas serán incompatibles con calquera outra axuda pública ou privada para os mesmos bens subvencionados por esta convocatoria.
- As entidades incluírán na xustificación a declaración doutros ingresos, axudas ou recursos recibidos.

- A axuda establecida nestas bases queda sometida ao réxime de *minimis*.

(Bases: Punto 6. Compatibilidade das axudas)

11. Documentación a presentar

Documentación xeral, común a persoas físicas e xurídicas:

- **Anexo I.** Declaración de *minimis*. Declaración de axudas públicas recibidas baixo o réxime de *minimis* nos tres últimos anos, no caso de ter recibido axudas sometidas a este réxime.
- **Anexo II.** Autorización de representación no caso de non coincidir o representante coa persoas solicitante (no caso de persoas físicas) ou co representante legal da entidade (no caso de persoas xurídicas).
- **Anexo III.** Memoria técnica da empresa.
- **Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado.**
- **Documentación acreditativa de pertenza a colectivos con discapacidade, en exclusión, ou en risco de exclusión social** da persoa solicitante (no caso das persoas físicas) ou das persoas socias que posúan como mínimo o 50% do capital social (no caso de persoas xurídicas).

Non se aceptarán memorias que superen as dúas páxinas de extensión (tamaño letra: 11), nin aquelas presentadas fóra do prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria, constituíndo a súa presentación en tempo e forma un requisito esencial do procedemento, cuxo defecto non poderá emendarse.

Documentación específica:

- **Persoas físicas:** Duplicado de resolución de alta no Réxime Especial de Traballadores por conta propia ou autónomos actualizado, ou de darse o caso, no colexio profesional e mutualidade que corresponda.
- **Persoas xurídicas:** Escritura de Constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións

(Bases: Punto 7. Forma, prazos e documentación da solicitude, apartados 7.1, 7.3.1 e 7.3.2)

12. Valoración das solicitudes

No caso de que o crédito dispoñible para esta convocatoria non sexa suficiente para sufragar todas as axudas solicitadas, a selección das peticións e a contía das subvencións determinarase de acordo aos baremos establecidos no punto 9. “Valoración das solicitudes” das bases que regulan a convocatoria destas axudas, segundo os criterios que se establecen nese mesmo punto.

No caso de producirse empate na puntuación, atenderase á data e á orde de presentación da solicitude para realizar o desempate destas solicitudes.

(Bases: Punto 8. Procedemento de concesión e aprobación)

13. Cando hai que xustificar as axudas concedidas?

O pago da subvención farase efectivo nun único pago unha vez realizada a xustificación de gastos. O prazo para realizar a xustificación correrá **desde o día seguinte a publicación da resolución de concesión das axudas no Boletín Oficial da Provincia e, como máximo, ata o día 30 de abril de 2020**

Isto implica que as entidades que foron beneficiarias da subvención, poden realizar a xustificación de gastos a partires da publicación da concesión das axudas no BOP, polo importe total do orzamento de gasto aprobado para os conceptos de gasto subvencionados, de acordo co Anexo V. “Memoria de xustificación de gastos”.

(Bases: Punto 12. Fase de xustificación e pago da subvención)

14. É necesario que estén pagadas as facturas antes de xustificar?

As facturas a presentar na xustificación de gastos no teñen porqué estar efectivamente pagadas, **podendo realizarse o pago das mesmas no prazo dun mes**, unha vez ingresada a subvención correspondente.

(Bases: Punto 12. Fase de xustificación e pago da subvención)

15. Cál é a cantidade a xustificar? Qué sucede se se xustifica máis ou menos do 100%?

O **importe a xustificar** será o importe total do orzamento de gasto aprobado para os conceptos de gasto subvencionado.

No caso de que se xustifique gasto por un **importe igual ou superior** ao investimento solicitado, abonarase a totalidade da subvención.

No caso de que se xustifique **gasto inferior ao 100%, pero superior ao 50%** do investimento solicitado, abonarase a parte proporcional da subvención mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe total dos gastos acreditados.

No caso de que se xustifique **gasto inferior ao 50%** do investimento solicitado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se abonará cantidade ningunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador disposto nas normas de xeral aplicación.

(Bases: Punto 12. Fase de xustificación e pago da subvención, apartados 12.3 e 12.4)

16. Para xustificar a axuda concedida serve con presentar presupostos ou son necesarias facturas?

A persoa ou entidade beneficiaria deberá de presentar facturas electrónicas ou escaneadas, correspondentes aos gastos efectivamente realizados no marco da presente convocatoria, ou documentos contables de valor probatorio equivalente. No caso de que as facturas non teñan

os conceptos de gasto debidamente claros, deberán entregar documento aclaratorio do contido das mesmas.

Só se admitirán dúas facturas máximo por concepto de gasto subvencionado e os conceptos contables contidos nelas deben tratar de axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria salvo conceptos inherentes a estes.

No caso de que o importe reflexado na factura sexa superior a 15.000 € (IVE excluído), deberá presentar polo menos tres ofertas de distintas empresas proveedoras.

(Bases: Punto 12. Fase de xustificación e pago da subvención, apartado 12.2)

17. Canto tempo transcorre ata que se formaliza o pago á empresa beneficiaria?

En relación ao reembolso da subvención, non se establece un prazo determinado para o ingreso da mesma, senon que se fará efectivo unha vez se fagan todas as tarefas de control e fiscalización por parte da Deputación da xustificación de gastos presentada.

18. As facturas teñen que ser pagadas mediante transferencia ou valerían os pagos en efectivo?

Deberán utilizarse, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros/as que poidan acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc.) no que quede indentificada a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento.

(Bases 6.8 das Bases reguladoras das convocatorias de subvencións) da Deputación Provincial da Coruña, dirixidas a entidades privadas (iniciativa socia sen ánimo de lucro e centros especiais de emprego) no ano 2019)

19. Con respecto ás páxinas web, que quere dicir “sempre que a súa utilización estea prevista durante varios exercicios”, como se acredita?

Atendendo ao apartado 5. Conceptos de gasto subvencionables das Bases reguladoras das axudas, establécese como Aplicacións informáticas na conta 206 o importe satisfeito pola propiedade ou polo dereito ao uso de programas informáticos adquiridos a terceiros. Tamén inclúe os gastos de desenvolvemento das páxinas webs (nova creación, actualización e melloras substanciais), sempre que a súa utilización estea prevista durante varios exercicios.

De acordo co disposto no Plan Xeral de Contabilidade, esta definición permite que se conciba a páxina WEB como un elemento patrimonial intanxible ao servizo da empresa cunha proxección plurianual e cuxa utilización xerará ingresos futuros, polo que se debe calificar como un “inmovilizado inmaterial”, de forma similar á solicitude dos diferentes programas informáticos existentes na actualidade onde quedan excluídos expresamente: aloxamento, dominios, mantementos da aplicación informática, canons...

20. No punto 13 das bases di que se teñen que presentar polo menos tres ofertas de distinto provedor no caso de que o gasto sea superior a 15.000 €, isto implica que se pode elixir libremente o provedor?

No tocante a presentar polo menos **tres ofertas de distintas empresas proveedoras** no caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído), segundo se recolle no punto 12. Fase de xustificación e pago da subvención das bases reguladoras, hai que axustarse aos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, conforme co disposto na Lei Galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que di:

31.3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou suministren, ou salvo que o gasto tivera lugar con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán aportarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaiga na proposta económica máis vantaxosa.

21. Cómo se pode acreditar a Responsabilidade Social empresarial para obter os puntos?

Será válida calquera das medidas que leve a cabo a súa entidade e que poda ser acreditada dalgún modo no caso de que sexa requirida a través da certificacións, plans aprobados ou medidas aplicadas recollidas en documentos internos da empresa.

22. Qué sucede coa subvención en caso de quebra da empresa?

As entidades beneficiarias teñen a obriga de destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o cal foi concedida a subvención por un período mínimo de dous anos desde a adquisición do ben.

En caso de que a empresa quebre antes do cumprimento deste prazo, deberá devolverse o importe concedido na subvención.

(Bases: Punto 11. Compromisos e obrigas)

23. Onde podo atopar os anexos para descargarlos?

Os anexos estarán dispoñibles na plataforma de tramitación telemática SUBTeL, no apartado de “Información das convocatorias e plantillas”, na pestaña de “Opcións”.

24. Cómo sei se está toda a documentación ben achegada?

No caso de que a Unidade Xestora, detecte calquera deficiencia na documentación achegada, realizará requirimento ao solicitante, para que a emende a través da plataforma SUBTeL, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a devandita aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de non emendar no devandito prazo, teráselle por desistido da súa petición.

En caso de estar toda a documentación correctamente achegada, non se fará ningún requirimento.

(Bases: Punto 8. Procedemento de concesión e aprobación)

25. Teño que esperar a resolución de concesión para facer o investimento?

Con carácter xeral, os investimentos deberán de ser realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019. De maneira excepcional, poderán subvencionarse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2019 nos termos que se establezan nas mencionadas bases reguladoras de convocatorias de subvención dirixidas a entidades privadas da Deputación da Coruña para a anualidade 2019.

(Bases: Punto 4. Subvención, contías e período subvencionable)

26. Toda a documentación é subsanable?

Toda a documentación a aportar é subsanable, agás a memoria técnica.

Non se aceptarán memorias que superen as dúas páxinas de extensión (tamaño letra: 11), nin aquelas presentadas fóra do prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria, constituíndo a súa presentación en tempo e forma un requisito esencial do procedemento, cuxo defecto non poderá emendarse.

(Bases: Punto 7. Forma, prazos e documentación da solicitude, apartado 7.1)